

A linguaxe humana (facultade universal de comunicación mediante códigos de signos) manifestase en todas as comunidades culturais en linguas diferentes. Á súa vez, cada lingua posúe diferenzas internas que atinguen a catro planos: o temporal ou histórico, o espacial ou xeográfico, o sociocultural e o situacional.

A **variación diacrónica** (διὰ, “a través”, e χρόνος “tempo”) é aquela que depende do eixo temporal e refírese ás diferenzas que as linguas presentan ao longo da historia. No caso do galego podemos distinguir entre: **galego antigo ou medieval** (séculos X a XV), **galego medio ou Séculos Escuros** (séculos XVI a XVIII) e **galego moderno** (a partir do Rexurdimento, no século XIX, ata hoxe).

A **variación diatópica** ou xeográfica (διὰ, “a través”, e τόπος, “lugar”) é aquela que depende do espazo, é dicir, está constituída polas diferenzas lingüísticas, as peculiaridades idiomáticas, propias de cada territorio en que se fala unha mesma lingua. En función do número de diferenzas e de que estas ocupen unha zona compacta, distinguimos **variantes** e mesmo **dialectos**. No caso do galego as variacións xeográficas son moitas pero moitas veces dispersas sen establecer zonas suficientemente compactas con características propias, polo que non posuímos dialectos, se ben podemos clasificar esas diferenzas xeográficas en tres bloques lingüísticos: **occidental**, **central** e **oriental**, con distintas áreas e subáreas dentro deles.

A **variación diastrática** ou sociocultural está formada polo conxunto de diferenzas lingüísticas derivadas da pertenza do/a falante a un determinado estrato social, económico, cultural e profesional. En función do estrato social ao que pertenza o/a falante, podemos distinguir **catro niveis** de lingua: o nivel **culto**, modelo de máxima corrección lingüística; o nivel **medio**, que se corresponde co estándar da lingua; o nivel **popular**, propio de persoas cunha formación escasa; e o nivel **vulgar**, propio dun uso descoidado da lingua derivado da ausencia total de formación do/a falante.

A **variación diafásica** ou situacional fai referencia ás variacións que un mesmo individuo pode facer ao empregar a lingua en diferentes situacións, dependendo do tipo de comunicación, da canle empregada, dos interlocutores, do tema, da situación comunicativa ou do contexto lingüístico. En función deses factores podemos distinguir dous rexistros: o **registro formal**, unha modalidade de lingua elaborada, propio de situacións formais; e o **registro coloquial**, que é unha modalidade máis espontánea, propia de situacións informais. Dentro do registro coloquial debemos incluír as **xergas**, modos de falar propios de grupos sociais pechados ou marxinais para evitar seren comprendidos por quen non pertenza ao grupo.

Por último, a **variedade estándar** é a variante que se escolle como modelo de lingua común e que é aceptada polos falantes como uso correcto e normativo do código lingüístico. A existencia dunha variante estándar dá unidade ao idioma e, en parte, evita a tendencia a unha excesiva diversidade.